PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

A modificación obedece ás seguintes necesidades:

- Dar cumprimento ao disposto no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e Decreto 192/2024, do 9 de decembro, polo que se modifica Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Dotar de novos postos de traballo á nova Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático mediante asunción de postos das extintas direccións xerais de:
    - Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático,
    - Planificación Enerxética e Recursos Naturais e
    - Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Creación de novos postos mediante a transformación de postos de programas temporais de emprego en postos de natureza estable da relación de postos de traballo da consellería.
- Crear os postos da Unidade de investigación de conservación da natureza (UICON), de conformidade co acordo asinado o 22.12.2023 entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as organizacións sindicais.
- Crear varios postos de traballo dependentes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para atender necesidades diversas nos servizos centrais, nos departamentos territoriais e nas instalacións de conservación da natureza.
- Modificar os niveis e incluír un complemento especifico diferencial en varios postos do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas en cumprimento do acordo que se tramita conxuntamente con esta modificación de RPT.

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Modificar o perfil de varios postos de traballo existentes para adaptalos as necesidades e retos actuais da consellería.

PROPOSTA:

1.- CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

1.1.- Creacións postos derivados do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

MAC030000015770002 SECRETARIO/A DIRECTOR/A XERAL

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Nivel: 18
- Forma de provisión: libre designación
- Adscrición Administración: Indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.
- Subgrupos: C1-C2
- Corpo / escala: Xeral.

Xustificación da provisión polo sistema de Libre designación: Apartado 4.1.2. da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (secretaría dun alto cargo).

Xustificación da adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA:

As funcións a desenvolver poden ser realizadas polo persoal de calquera administración pública polo que non se establece restrición en canto á adscrición do posto. Por outra banda a adscrición proposta é coherente cos postos desta natureza existentes nas relacións de postos de traballo.

1.2.- Creacións postos derivados do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

MAC020000015770060 XEFATURA SERVIZO DE COORDINACIÓN E TRAMITACIÓN

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Con dependencia directa da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica

Características:

- Centro directivo: Secretaría Xeral Técnica
- Unidade Administrativa: Secretaría Xeral Técnica
- Nivel: 28
- Forma de provisión: Libre designación
- Subgrupos A1 e A2
- Corpo / escala: Xeral
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 10 do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

Xustificación da provisión polo sistema de Libre designación: Instrución cuarta, apartado 1.2. da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo).

MAC020000915770001 ASESOR/A XURÍDICO/A DE ENERXÍAS RENOVABLES

Características:

- Centro directivo: Secretaría Xeral Técnica
- Unidade Administrativa: Asesoría Xurídica de Enerxías renovables
- Nivel: 30
- Forma de provisión: Libre designación
- Subgrupos A1
- Corpo / escala: XERAL (ESCALA LETRADOS)
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 6.2 do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

Xustificación da creación: artigo 11 do Decreto 137/2024, do 20 de maio, 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Xustificación da provisión polo sistema de Libre designación: Disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Complemento específico diferencial: Segundo o establecido no apartado un da Disposición adicional décimo quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais da

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, relativa ás Medidas de homologación retributiva aplicables a determinadas escalas de persoal funcionario. (*)

(*) Modificación incluída logo das observacións do informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio do 10.04.2025

MAC030000015770040 XEFATURA SERVIZO XURÍDICO - ADMINISTRATIVO

(por supresión do posto EIC020000215770040 XEFATURA SERVIZO)

Con dependencia directa da persoa titular da Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Nivel: 28
- Forma de provisión: Concurso específico
- Subgrupos A1 e A2
- Corpo / escala: Xeral
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia
- Área funcional: xurídica
- Titulación académica: licenciatura ou grado en dereito

Xustificación da creación: artigo 11.2.1. do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

Xustificación da titulación de licenciatura ou grado en dereito: As funcións propias do posto (artigo 11.2.1. do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

MAC030000115770001 SUBDIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES

(supresión do posto: MAC030000115770001SUBDIRECTOR/A XERAL DE COORDINACIÓN AMBIENTAL)

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías Renovables
- Nivel: 30
- Forma de provisión: Libre designación
- Subgrupos A1
- Corpo / escala: Xeral / Especial
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 11.2.2. do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xustificación da provisión polo sistema de Libre designación: Disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

MAC030000115770050 SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES

(por supresión do posto EIC040000115770035 XEFATURA SERVIZO ENERX. RENOVAB. E EFIC. ENERX.)

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías Renovables
- Nivel: 28
- Forma de provisión: Concurso específico
- Subgrupos A1 e A2
- Corpo: Facultativo superior / Facultativo de grao medio
- Escala: Enxeñería de grao superior e de grao medio
- Especialidade: enxeñería industrial e enxeñería técnica industrial
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 11.2.2.1. do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

Xustificación das escalas e especialidades: Mantéñense as do posto que se suprime por realizar as mesmas funcións que exercía na consellería de procedencia.

MAC030000115770070 SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS RENOVABLES

(por supresión do posto EIC040000115770025 XEFATURA SERVIZO INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS)

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías Renovables
- Nivel: 28
- Forma de provisión: Concurso específico
- Subgrupos: A1 e A2
- Corpo: Facultativo superior / Facultativo de grao medio
- Escala: Enxeñería de grao superior e de grao medio
- Especialidade: enxeñería industrial e enxeñería técnica industrial
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 11.2.2.1. do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xustificación das escalas e especialidades: Mantéñense as do posto que se suprime por realizar as mesmas funcións que exercía na consellería de procedencia.

MAC030000215770030 SERVIZO DE LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral
- Nivel: 28
- Forma de provisión: Concurso específico
- Subgrupos: A1
- Corpo: Facultativo superior
- Escala: Ciencias
- Especialidade: Bioloxía / Química
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 11.2.3.1.1. do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

Xustificación das escalas e especialidades: A loita contra o cambio climático precisa de análise e avaliación dos impactos deste en diferentes eidos, como a saúde, a alimentación, o medio ambiente. Os graos mais adecuados ao traballo que se debe desenvolver son os de bioloxía e química en tanto entre as funcións máis destacadas do servizo atópanse as seguintes, entre outras: a aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro e a elaboración e o seguimento dos seus inventarios, o asesoramento e a asistencia aos concellos en materia de aplicación da normativa contra a contaminación acústica de Galicia, o asesoramento e a realización de campañas de formación e sensibilización en materia de cambio climático, ou a participación en proxectos nacionais e internacionais en materia de cambio climático.

MAC030000215770050 SERVIZO DE XESTIÓN DO LITORAL

(por supresión do posto MAC050000115770020 XEFATURA SERVIZO AUTORIZAC. E INFORMES SECTORIAIS)

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral
- Nivel: 28
- Forma de provisión: Concurso específico
- Subgrupos: A1 e A2
- Corpo: Facultativo superior / Facultativo de grao medio

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Escala: Arquitectura /Arquitectura técnica
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 11.2.3.1.2. do Decreto 137/2024, do 20 de maio.

Xustificación das escalas: Este servizo ten entre as súas funcións de coordinación e supervisión dos informes necesarios para avaliar os proxectos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e no dominio público marítimo terrestre, garantindo coherencia e axuste ás normativas de lexislación sobre costas, de protección do medio ambiente e a de planificación territorial, así como a preparación das propostas de resolución neste ámbito. Neste sentido, para a dirección das obras e instalacións a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación establece como titulacións académicas e profesionais habilitantes, entre outras, as de arquitecto ou arquitecto técnico, o que acredita que estes profesionais teñen a formación necesaria para poder interpretar e comprender con precisión o alcance da intervención para a que se está a solicitar autorización. Por outra banda, a lexislación sectorial esixe que as autorizacións se outorguen conforme ao planeamento urbanístico en vigor. Para iso, o órgano competente en materia de ordenación do litoral debe informar sobre a adecuación do proxecto ás normas e plans urbanísticos aplicables. Ademais a elección das escalas garda coherencia co perfil do posto amortizado para a súa creación.

1.3.- Creacións postos derivados do Decreto 192/2024, do 9 de decembro, polo que se modifica o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

MAC991000115001020 XEFATURA SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E INFRAESTRUTURAS

MAC991000127001020 XEFATURA SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E INFRAESTRUTURAS

MAC991000132001020 XEFATURA SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E INFRAESTRUTURAS

MAC991000136001020 XEFATURA SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E INFRAESTRUTURAS

Características:

- Centro directivo: Direccións territoriais
- Unidade Administrativa: Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas
- Nivel: 28B
- Forma de provisión: concurso específico
- Subgrupos A1
- Corpo: Facultativo superior
- Escala: enxeñería Especialidades: enxeñería industrial e enxeñería de minas
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xustificación da creación: artigo 14.4.1. do Decreto 137/2024, do 20 de maio, modificado Decreto 192/2024, do 9 de decembro.

Xustificación das escalas: Dadas as funcións que teñen asignadas dentro do decreto de estrutura, entre as que se atopan a tramitación de proxectos de instalacións de produción de enerxía eléctrica procedente de fontes renovables e das súas infraestruturas de evacuación, ademais dos informes facultativos sobre estas instalacións que lles sexan requiridos, tanto o enxeñeiro industrial coma o enxeñeiro de minas, ao ter entre as súas titulacións a especialidade de enerxía resultan idóneas para realizar estes traballos. Ademais a elección das escalas garda coherencia co perfil dos postos da Consellería de Economía e Industria que exercían anteriormente as ditas funcións e que agora son asumidas nesta consellería.

MAC991000215001030 XEFATURA SERVIZO DO LITORAL

MAC991000227001030 XEFATURA SERVIZO DO LITORAL

MAC991000236001030 XEFATURA SERVIZO DO LITORAL

Características:

- Centro directivo: Direccións territoriais
- Unidade Administrativa: Servizo do litoral
- Nivel: 28B
- Forma de provisión: concurso específico
- Subgrupos A1
- Corpo: Facultativo superior
- Escala / especialidade: Arquitectura e Enxeñería de camiños canais e portos
- Adscrición Administración: Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e Administración Local.

Xustificación da creación: artigo 14.4.2. do Decreto 137/2024, do 20 de maio, modificado Decreto 192/2024, do 9 de decembro.

Xustificación das escalas: Este servizo ten entre as súas funcións a elaboración de informes para avaliar os proxectos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e no dominio público marítimo terrestre, garantindo que se axusten as normativas de lexislación sobre costas, de protección do medio ambiente e a de planificación territorial. Para a dirección das obras e instalacións, a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación establece como titulacións académicas e profesionais habilitantes, entre outras, as de arquitectura ou enxeñería, o que acredita que estes profesionais teñen a formación necesaria para poder interpretar e comprender con precisión o alcance da intervención para a que se está a solicitar autorización. Neste sentido, a lexislación sectorial esixe que as autorizacións se outorguen conforme ao planeamento urbanístico municipal, o que esixe un coñecemento amplo no eido da ordenación urbanística, por outra banda, algúns proxectos relativos á utilización do dominio público marítimo terrestre tamén precisan de coñecementos na materia planificación, proxecto e deseño das obras públicas, especialmente aqueles que afectan a zonas portuarias.

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xustificación da adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e Administración Local: Estes postos créanse para o exercicio das competencias autonómicas en materia de ordenación do litoral e á asunción das competencias que sexan traspasadas pola Administración Xeral do Estado en relación ao dominio público marítimo terrestre. Porén, a peculiaridade destes postos radica en que deben exercer as novas competencias traspasadas e xestionar, no seu caso, persoal transferido da Demarcación de Costas e Servizos Provinciais de Costas, polo que é indispensable garantir a súa rápida e oportuna provisión.
Neste punto, resulta moi relevante que estes postos poidan ser desempeñados por persoal funcionario pertencente a todas as administracións para poder contar co coñecemento e experiencia de persoal funcionario tanto da Administración do Estado que teña experiencia nas funcións a desenvolver, como da administración local, polo seu coñecemento de primeira man, tanto da normativa aplicable como da normativa reguladora do funcionamento do réxime local e tamén da normativa urbanística, requisito moi importante para o desenvolvemento das funcións requiridas.

1.4.- Creacións de postos de traballo con dotación orzamentaria

MAC991000127001022 XEFATURA DE SECCIÓN

MAC991000132001022 XEFATURA DE SECCIÓN

MAC991000136001022 XEFATURA DE SECCIÓN

Características:

- Centro directivo: Direccións territoriais de Lugo, Ourense e Pontevedra
- Unidade Administrativa: Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos: A1 - A2
- Corpo: Facultativo superior e de grao medio
- Escala: Enxeñería e enxeñería técnica
- Especialidade: Enxeñería industrial e enxeñería técnica industrial
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 14.4.1. do Decreto 137/2024, do 20 de maio. Os servizos provinciais de Enerxías Renovables e Infraestruturas deben ter unha dotación mínima que permita o correcto funcionamento. Coas creacións propostas e o traspaso de efectivos acordado entre as consellerías, completase un organigrama de partida igual para todas as direccións xerais.

Xustificación das escalas: necesidade de coñecementos da normativa enerxética para tramitación de proxectos de instalacións de produción de enerxía eléctrica procedente de fontes renovables (eólica, fotovoltaica e hidroeléctricas) e das súas infraestruturas de evacuación, e para elaborar os informes facultativos sobre estas instalacións que lles sexan requiridos

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MAC991000132001030 XEFATURA DE NEGOCIADO

Características:

- Centro directivo: Dirección Territorial de Ourense
- Unidade Administrativa: Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas
- Nivel: 18
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos A2-C1-C2
- Corpo / escala: Xeral
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: artigo 14.4.1. do Decreto 137/2024, do 20 de maio. Os servizos provinciais de Enerxías Renovables e Infraestruturas deben ter unha dotación minima que permita o correcto funcionamento. Coas creacións propostas e o traspaso de efectivos acordado entre as consellerías, completase un organigrama de partida igual para todas as direccións xerais.

1.5.- Creacións doutros postos de traballo con dotación orzamentaria

MAC030000015770060 XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN ECONÓMICA.

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Nivel: 25 (*)
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos A1-A2
- Corpo / escala: Xeral
- Area funcional: Económica
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: a Dirección xeral de enerxías renovables e cambio climático dispón dun orzamento anual de mais de 18 millóns de euros, con fondos de diferentes modalidades (fondos propios, finalistas, europeas), e tendo en conta que non dispón dunha xefatura de servizo de xestión económica, faise imprescindible, de inicio, a dotación dunha sección encargada da tramitación dos diferentes expedientes de gasto e documentos contables, elaboración de orzamentos e modificacións orzamentarias, así como da tramitación dos expedientes de contratación que sexan competencia da dirección xeral.

(*) Modificación incluída logo das observacións do informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio do 10.04.2025

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MAC030000015770035 XEFATURA SECCIÓN DE COORDINACIÓN

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Nivel: 25
- Forma de provisión: Concurso (*)
- Subgrupos A1-A2-C1
- Corpo / escala: Xeral
- Adscrición Administración: Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA

Xustificación da creación: de acordo co decreto de estrutura, correspóndelle á dirección xeral a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia, o impulso de actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e a promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e a loita contra o cambio climático.

No exercicio das anteditas funcións é necesario formar parte dunha serie de comisións e grupos de traballo organizados ao abeiro da Oficina Española de Cambio Climático así como as iniciativas europeas do Pacto das Alcaldías e a Climate Alliance, entre outros. Tendo en conta a carga de traballo derivada da participación nos anteditos grupos, faise preciso contar cunha unidade (sección) encargada da representación e coordinación das funcións e responsabilidades da dirección xeral en relación ás devanditas comisións e grupos de traballo.

Xustificación da adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.:

As funcións a desenvolver poden ser realizadas polo persoal de calquera administración pública polo que non se establece restrición en canto á adscrición do posto. Por outra banda a adscrición proposta é coherente cos postos desta natureza e forma de provisión existentes nas relacións de postos de traballo.

(*) Modificación incluída logo das observacións do informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio do 10.04.2025

MAC030000015770061 XEFATURA NEGOCIADO XESTION ECONÓMICA

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Nivel: 18
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos A2-C1-C2

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Corpo / escala: Xeral
- Area funcional: ECONÓMICA
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: a dirección xeral de enerxías renovables e cambio climático dispón dun orzamento anual mais de 18 millóns de euros, con fondos de diferentes modalidades (fondos propios, finalistas, europeas), polo que faise imprescindible a dotación de postos que podan apoiar á area económica na tramitación dos diferentes expedientes de gasto e documentos contables, elaboración de orzamentos e modificacións orzamentarias, así como da tramitación dos expedientes de contratación que sexan competencia da dirección xeral.

MAC030000015770042 XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA.

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Servizo Xurídico - Administrativo
- Nivel: 25
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos A1-A2
- Corpo / escala: Xeral
- Titulación: Dereito
- Área funcional: Xurídica
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: Deberá preparar os expedientes que deben enviarse aos xulgados. Por outra banda entre as súas funcións se prevé á de servir de apoio á tramitación de expedientes expropiatorios tras as declaracións de utilidade pública dos proxectos, dado que os acordos de traspaso entre Consellerías non inclúen persoal que poida realizar estas tarefas. A tramitación de expedientes expropiatorios é impulsada pola subdirección xeral de enerxías renovables, polo que precisa de apoio xurídico. Igualmente este posto de xefatura de sección servirá de apoio na tramitación de expedientes sancionadores, responsabilidades patrimoniais e calquera outro de carácter xurídico relacionado coa tramitación dos expedientes de enerxías renovables.

Xustificación da titulación: precisa coñecementos xurídicos para o desenvolvemento das funcións previstas para o posto.

MAC030000115770003 ENXEÑEIRO/A TÉCNICO FUNCIÓNS FACULTATIVAS.

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías renovables
- Nivel: 22

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos: A2
- Corpo: Facultativo de grao medio
- Escala: Enxeñería técnica
- Especialidade: Enxeñería técnica en topografía
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: necesidade de comprobación da xeolocalización dos diferentes proxectos e coas diferentes capas de datos incluídas no Plan Básico Autonómico. Comprobación de parcelario para a relación de bens e dereitos afectados. Redacción de informes e comprobación de distancias segundo as diferentes normativas, como apoio aos servizos dependentes da subdirección.

Xustificación da especialidade: Necesidade de manexo de programas e sistemas de información xeográfica (XIS)

MAC030000115770051 XEFATURA DE SECCIÓN TÉCNICA

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías renovables
- Nivel: 25
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos: A1 - A2
- Corpo: Facultativo superior e de grao medio
- Escala: Enxeñería e enxeñería técnica
- Especialidade: Enxeñería industrial e enxeñería técnica industrial
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: A lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas permite aos promotores de parques eólicos a realizar novas tramitacións de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para su adapatación ao establecido na Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, ademais de obligar a realizar a repotenciación, en determinados casos, dos parques eólicos de máis de 25 anos. Isto, unido ao volume actual traballo que xa se está a realizar neste servizo leva á necesidade de crear esta praza, que coordinará o traballo técnico a realizar no servizo.

Xustificación da titulación: necesidade de coñecementos da normativa enerxética para tramitación de proxectos de instalacións de produción de enerxía eléctrica procedente de fontes renovables (eólica, fotovoltaica e hidroeléctricas) e das súas infraestruturas de evacuación, e para elaborar os informes facultativos sobre estas instalacións que lles sexan requiridos

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MAC030000115770058 ENXEÑEIRO/A TÉCNICO FUNCIÓNS FACULTATIVAS.

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías renovables
- Nivel: 22
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos: A2
- Corpo: Facultativo de grao medio
- Escala: Enxeñería técnica
- Especialidade: Enxeñería técnica industrial
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: A lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas permite aos promotores de parques eólicos realizar novas tramitacións de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para a súa adaptación ao establecido na Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, ademais de obrigar á repotenciar os parques eólicos de máis de 25 anos. Isto, unido ao traballo que xa se está a realizar neste servizo leva a necesidade de crear esta praza.

Xustificación da especialidade: necesidade de coñecementos da normativa enerxética para tramitación administrativa dos procedementos de autorización dos proxectos de instalacións de produción de enerxía eléctrica procedente de fontes renovables (eólica, fotovoltaica e hidroeléctricas) e das súas infraestruturas de evacuación.

MAC030000115770065 XEFATURA NEGOCIADO

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías renovables
- Nivel: 18
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos A2-C1-C2
- Corpo / escala: Xeral
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: A lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas permite aos promotores de parques eólicos realizar novas tramitacións de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para a súa adaptación ao establecido na Lei

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, ademais de obrigar a realizar a repotenciación, en determinados casos, dos parques eólicos de máis de 25 anos. Isto, unido ao volume actual traballo que xa se está a realizar neste servizo leva á necesidade de crear esta praza, que será de apoio administrativo á tramitación de autorizacións de proxectos de enerxías renovables.

MAC030000115770071 XEFATURA DE SECCIÓN TÉCNICA

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías renovables
- Nivel: 25
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos: A1 - A2
- Corpo: Facultativo superior e de grao medio
- Escala: Enxeñería e enxeñería técnica
- Especialidade: Enxeñería industrial e enxeñería técnica industrial
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: A lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas obriga aos promotores de parques eólicos a realizar novas tramitacións de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para a súa adaptación á Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, ademais de obrigar a realizar a repotenciación, en determinados casos, dos parques eólicos de máis de 25 anos. Isto, unido ao volume actual traballo que xa se está a realizar neste servizo leva á necesidade de crear esta praza, que coordinará o traballo técnico a realizar no servizo. Ademais, as competencias de tramitación dos expedientes expropiatorios dos proxectos de enerxías renovables e as súas infraestruturas de evacuación serán asumidas polos servizos centrais polo que se require reforzar este servizo.

Xustificación da titulación: necesidade de coñecementos da normativa enerxética para tramitación de proxectos de instalacións de produción de enerxía eléctrica procedente de fontes renovables (eólica, fotovoltaica e hidroeléctricas) e das súas infraestruturas de evacuación, e para elaborar os informes facultativos sobre estas instalacións que lles sexan requiridos, así como a normativa en materia de expropiacións específica para este tipo de instalacións, segundo a lei 24/2013, do sector eléctrico.

MAC03000115770080 XEFATURA NEGOCIADO

MAC03000115770081 XEFATURA NEGOCIADO

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Enerxías renovables
- Nivel: 18
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos A2-C1-C2
- Corpo / escala: Xeral
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: A lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas permite aos promotores de parques eólicos realizar novas tramitacións de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para a súa adaptación ao establecido na Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia repotenciación, en determinados casos, dos parques eólicos de máis de 25 anos. Prevéndose un incremento de traballo, é preciso aumentar en consonancia o persoal administrativo da Subdirección.

MAC030000215770033 XEFATURA DE SECCIÓN DE PLANS E PROXECTOS

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Enerxías renovables e Cambio Climático
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral
- Nivel: 25
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos: A1
- Corpo: Facultativo superior
- Escalas: Enxeñería
- Especialidades: Enxeñería química e de montes.
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: O anteproxecto de lei do clima, actualmente en tramitación e do que se prevé a súa aprobación no ano 2025, conleva unha serie de tarefas a realizar por parte da Oficina Galega de Cambio Climático (con rango de xefatura de servizo), como a coordinación e o seguimento do II Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2030, aprobado polo Consello da Xunta no mes de xaneiro de 2025 e o asesoramento técnico en campañas de formación e sensibilización en materia de cambio climático, ou a participación en proxectos nacionais e internacionais en materia de cambio climático, polo que é preciso a creación dunha praza técnica que reforce este servizo.

Xustificación das especialidades:

Enxeñería Química, xustifícase en base ao seu coñecemento transversal, válido e idóneo para analizar e xestionar os proxectos a desenvolver no servizo, en particular os relativos ás emisións de gases de efecto invernadoiro así como os sistemas e metodoloxías de compensación das ditas emisións.

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Enxeñería de Montes xustifícase en base á importancia en número e a complexidade técnica que terán no sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia, os proxectos de secuestro de carbono asociados ao sector forestal, sendo a xestión forestal sostible e activa unha tipoloxía de proxecto preferente no dito sistema.

MAC040000115770016 XEFATURA AREA TÉCNICA

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Calidade e Sostibilidade
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental
- Nivel: 26
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos A1
- Corpo: Facultativo superior
- Escalas: Ciencias / Enxeñería superior
- Especialidade: Bioloxía e Enxeñería de montes
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: Incremento de traballo no Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos

O Real Decreto 445/2023, do 13 de xuño, modificou os anexos I, II e III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, que regulan os proxectos sometidos á avaliación ambiental ordinaria e simplificada, respectivamente, a fin de garantir unha adecuada transposición ao noso ordenamento xurídico da Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, así como unha maior coherencia e actualización dos seus contidos, de acordo con a experiencia adquirida durante os anos de vixencia da lei. Isto supuxo un incremento de proxectos a avaliar.

Por outra banda a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, regula na disposición adicional décima a repotenciación de parques eólicos para reducir o seu impacto no territorio e no medio ambiente, determinando que as actuacións de repotenciación sexan obrigatorias para todos os titulares das autorización existentes. Esta lei prevé que os titulares dos parques eólicos nos que se dean as condicións establecidas está obrigados a presentar a solicitude de repotenciación no prazo de 18 meses a contar dende a entrada en vigor da citada norma ou dende que cumpran as condición sinaladas por esta, no caso de que este cumprimento se produza despois da súa entrada en vigor. Esta novidade lexislativa conleva un incremento da carga de traballo que non se prevé conxuntural, polo que se precisa incrementar os efectivos mediante a creación dunha área técnica que permita coordinar os ditos traballos.

Xustificación das escalas: Este posto vai exercer as súas funcións no Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, que ten como funcións a avaliación da incidencia dos efectos de determinados proxectos no ambiente (artigo 12.2.4.2.2. do Decreto 137/2024). Estas funcións poden ser desenvoltas tanto por titulados/as en ciencias como por enxeñeiros/as, debido ao

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

tipo maioritario dos proxectos a avaliar, considéranse mais adecuadas as titulacións de bioloxía e enxeñería de montes.

MAC060000115770028 XEFATURA AREA TÉCNICA

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Espazos Naturais
- Nivel: 26
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos A1
- Corpo: Facultativo superior
- Escalas: Ciencias / Enxeñería superior
- Especialidade: Bioloxía e Enxeñería de montes
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: este posto depende do Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas, no que, dende hai anos se leva incrementando o seu volume de traballo relativo á súa función de elaboración dos informes, así como das propostas de concesión das autorizacións daqueles plans, programas e proxectos que requiren da avaliación das repercusións ás que se refire o artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, sometidos a avaliación ambiental de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Este traballo prevese que se incremente aínda mais con motivo de tódolos proxectos que se prevén tramitar, con motivo das novidades lexislativas relativas aos proxectos de enerxías renovables.

Xustificación das escalas: Este posto vai prestar servizo no Servizo de Análises de Proxectos, que ten como funcións a avaliación das repercusións dos proxectos sobre os hábitats e especies. Estas funcións poden ser desenvoltas tanto por titulados/as en ciencias como por enxeñeiros/as, debido ao tipo maioritario dos proxectos a avaliar, considéranse mais adecuadas as titulacións de bioloxía e enxeñería de montes.

MAC991000115001025 ENXEÑEIRO/A TÉCNICO FUNCIÓNS FACULTATIVAS

MAC991000127001025 ENXEÑEIRO/A TÉCNICO FUNCIÓNS FACULTATIVAS

MAC991000132001025 ENXEÑEIRO/A TÉCNICO FUNCIÓNS FACULTATIVAS

MAC991000136001025 ENXEÑEIRO/A TÉCNICO FUNCIÓNS FACULTATIVAS

Características:

- Centro directivo: Direccións territoriais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
- Unidade Administrativa: Servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas
- Nivel: 22

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos: A2
- Corpo: Facultativo de grao medio
- Escala: Enxeñería técnica
- Especialidade: Enxeñería técnica industrial
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: A lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas permite aos promotores de parques eólicos realizar novas tramitacións de parques eólicos e infraestruturas de evacuación para a súa adaptación ao establecido na Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, ademais de obrigar á repotenciar de parques eólicos de máis de 25 anos. Por tanto, os traballos relacionados con proxectos de enerxías renovables se están a converter en traballos de carácter estrutural que deben ser desenvolvidos a través de postos permanentes das relacións de postos de traballo.

Xustificación da especialidade: necesidade de coñecementos da normativa enerxética para tramitación administrativa dos procedementos de autorización dos proxectos de instalacións de produción de enerxía eléctrica procedente de fontes renovables (eólica, fotovoltaica e hidroeléctricas) e das súas infraestruturas de evacuación.

1.6.- Creacións dos postos de traballo da unidade móbil especializada da escala de axentes forestais e medioambientais para a conservación do patrimonio natural

MAC060000015770100 AXENTE COORDINADOR/A XEFE/A DA UICON

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Unidade Administrativa: Unidade de Investigación de Conservación da Natureza (UICON)
- Nivel: 25
- Forma de provisión: Concurso específico
- Subgrupos C1
- Corpo: Axudantes de carácter facultativo
- Escala: Axentes facultativos medioambientais
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación, do nivel e da forma de provisión: Acordo do 22.12.2023, entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UXT para a formación dunha unidade móbil especializada da escala de axentes forestais e medioambientais para a conservación do patrimonio natural

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MAC060000015770110 AXENTE COORDINADOR/A ADXUNTO/A DA UICON

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Unidade Administrativa: Unidade de Investigación de Conservación da Natureza (UICON)
- Nivel: 22
- Forma de provisión: Concurso específico
- Subgrupos C1
- Corpo: Axudantes de carácter facultativo
- Escala: Axentes facultativos medioambientais
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación, do nivel e da forma de provisión: Acordo do 22.12.2023, entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UXT para a formación dunha unidade móbil especializada da escala de axentes forestais e medioambientais para a conservación do patrimonio natural

MAC060000015770120 AXENTE DA UICON

MAC060000015770121 AXENTE DA UICON

MAC060000015770122 AXENTE DA UICON

MAC060000015770123 AXENTE DA UICON

MAC060000015770124 AXENTE DA UICON

MAC060000015770125 AXENTE DA UICON

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Unidade Administrativa: Unidade de Investigación de Conservación da Natureza (UICON)
- Nivel: 20
- Forma de provisión: Concurso
- Subgrupos C1
- Corpo: Axudantes de carácter facultativo
- Escala: Axentes facultativos medioambientais
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación e do nivel: Acordo do 22.12.2023, entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as organizacións sindicais CIG, CCOO,

CVE: claxu2M65FW2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CSIF e UXT para a formación dunha unidade móbil especializada da escala de axentes forestais e medioambientais para a conservación do patrimonio natural

1.7.- Creacións doutros postos de traballo financiados con cargo a amortizacións

MAC060000115770005 XEFATURA SECCIÓN DE RESERVAS DA BIOSFERA

Características:

- Centro directivo: Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Unidade Administrativa: Subdirección Xeral de Espazos Naturais
- Nivel: 25
- Forma de provisión: concurso
- Subgrupos A1
- Corpo: Facultativo superior
- Escalas: Ciencias / Enxeñería superior
- Especialidade: Bioloxía e Enxeñería de montes
- Adscrición Administración: Exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia

Xustificación da creación: A Subdirección Xeral de Espazos Naturais, correspóndenlle, entre outras funcións: o desenvolvemento de medidas e instrumentos para a protección e conservación dos hábitats naturais, dos elementos senlleiros da xea e das paisaxes naturais e rurais, que conforman no seu conxunto o patrimonio natural. (artigo 13.2.4.1.a do Decreto 137/2024, do 20 de maio).

